



# ***REGULAMENTO PARTICULAR***

## ***III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA***

# ÍNDICE

ARTIGO		PÁXINA
<b>1.</b>	<b>PROGRAMA HORARIO</b>	<b>3</b>
1.1	Taboleiro Oficial de Avisos	4
<b>2.</b>	<b>ORGANIZACIÓN</b>	<b>4</b>
2.1	Comité de Organización	5
2.2	Oficiais	5
<b>3.</b>	<b>PUNTUABILIDADE</b>	<b>6</b>
<b>4.</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>6</b>
<b>5.</b>	<b>VEHÍCULOS ADMITIDOS E PUNTUABLES</b>	<b>7</b>
<b>6.</b>	<b>CONCURSANTES ADMITIDOS</b>	<b>8</b>
<b>7.</b>	<b>SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN</b>	<b>8</b>
<b>8.</b>	<b>DEREITOS DE INSCRIPCIÓN - SEGUROS</b>	<b>8</b>
<b>9.</b>	<b>HORA OFICIAL DO RALLYSPRINT</b>	<b>9</b>
<b>10.</b>	<b>PREMIOS</b>	<b>9</b>
<b>11.</b>	<b>RECOÑECIMENTOS</b>	<b>10</b>
<b>12.</b>	<b>DISPOSICIÓN CONTRARIAS Á NORMATIVA XERAL DA FGA</b>	<b>10</b>
<b>13.</b>	<b>RELACIÓNS COS PARTICIPANTES</b>	<b>11</b>
<b>14.</b>	<b>PUBLICIDADE</b>	<b>12</b>
<b>ANEXO I</b>	<b>MAPAS PARQUE PECHADO E PARQUE DE TRABALLO</b>	<b>13</b>
<b>ANEXO II</b>	<b>ITINERARIO HORARIO</b>	<b>15</b>
<b>ANEXO III</b>	<b>SISTEMA GPS</b>	<b>16</b>
<b>ANEXO IV</b>	<b>CARAVANA DE SEGURIDADE</b>	<b>22</b>

## ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
10-ABRIL-2026	10:00 h.	Apertura de inscricións	<b>ESCUDERÍA SILLEDA</b> Tlf.: 686.856.183 <a href="mailto:inscricions@escuderiasilleda.com">inscricions@escuderiasilleda.com</a> PLATAFORMA PODIUM
11-MAIO-2026	18:00 h.	Peche de inscricións	
13-MAIO-2026	18:00 h.	Publicación de lista de inscritos	Sportity <a href="http://www.escuderiasilleda.com">www.escuderiasilleda.com</a>
15-MAIO-2026	De 19:00 a 22:00 h.	Verificacións administrativas e técnicas optativas	
16-MAIO-2026	De 08:00 a 11:00 h.	Verificacións administrativas obrigatorias	Concello de Silleda Praza Señor Afranio Rúa Progreso, N°41
		Entrega de documentación, GPS, e roadbook	
	De 08:00 a 12:00 h.	Verificacións técnicas obrigatorias	
	De 08:00 a 12:45 h.	Recoñecementos (3 pasadas)	Treitos
	13:00 h.	Hora límite presentación de vehículos no parque de traballo	Parque de traballo Aparcamento Feira Internacional de Galicia
	13:15 h.	Publicación de vehículos autorizados a toma-la saída	Sportity
	14:00 h.	Saída 1º participante 1ª sección	Parque de traballo Aparcamento Feira Internacional de Galicia
	15:30 h.	Chegada 1º participante 1ª sección	Reagrupamento Rúa Camiño do Castro
	16:05 h.	Saída 1º participante 2ª sección	
	18:40 h.	Chegada 1º participante 2ª sección	Parque pechado Rúa Camiño do Castro
	19:15 h.	Verificacións finais e de oficio	TALLERES JPC Polígono Industrial Área 33
	20:00 h.	Publicación da clasificación provisional	Sportity
	20:30 h.	Publicación da clasificación final oficial	
	20:30 h.	Cerimonia de entrega de premios e trofeos	



**Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais):** Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a saca-los vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios. **Non obstante, agradeceríase que, na medida do posible, se agardase á finalización da entrega de premios para evitar ruídos e non entorpecer o seu desenvolvemento.**

Hora límite de entrada de vehículos de asistencia a Parque de Traballo: **11:00h. do día 16 de maio de 2026.**

## **ARTIGO 1.1 - TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS**

Segundo o disposto no art. 11.9.4 do CDI, non haberá Taboleiro de Anuncios Oficial físico, senón que estará dispoñible telemáticamente na páxina web da escudería: [www.escuderiasilleda.com](http://www.escuderiasilleda.com), e tamén na aplicación aplicación Sportity.

Para acceder a toda a información do taboleiro de anuncios dixital do Rallysprint deberase ingresar o contrasinal:



A aplicación Sportity pódese descargar da App Store ou Google Play nas seguintes ligazóns:

App Store: <https://apps.apple.com/us/app/sportity/id1344934434>

Google Play: <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.sportity.app>

## **ARTIGO 2 - ORGANIZACIÓN**

A **ESCUDERÍA SILLEDADA** organiza o **III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDADA**, que se desenvolverá dende o día 15 ó día 16 de maio do ano **2026**.

Este Rallysprint disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2026, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 4 de marzo de 2026.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -012- RT.**



## **ARTIGO 2.1 - COMITÉ DE ORGANIZACIÓN**

<b><u>PRESIDENTE</u></b>	D. Juan Pablo Cajide Pérez
<b><u>VICEPRESIDENTE</u></b>	D. Alberto Espiño Cabaleiro
<b><u>SECRETARIA</u></b>	Dna. Isabel González Vázquez
<b><u>TESOUREIRA</u></b>	Dna. Vanesa Rodríguez Urcelayeta
<b><u>VOGAL</u></b>	D. Ángel Rodríguez Silva

### ***Dirección da Secretaría do Comité Organizador:***

#### **ESCUDERÍA SILLEDA**

Rúa Campo de Arriba, N°5 – 1ºB

36540 SILLEDA - PONTEVEDRA

Teléfono: **686 856 183**

e-mail: [escuderiasilleda@gmail.com](mailto:escuderiasilleda@gmail.com)

[www.escuderiasilleda.com](http://www.escuderiasilleda.com)

## **ARTIGO 2.2 - OFICIAIS**

### **Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. Juan Pablo Cajide Pérez DC-04428-ESP/GA

### **Director de Carreira-Oficina:**

D. Juan Pablo Cajide Pérez DC-04428-ESP/GA

### **Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:**

D. José Daniel Rodríguez Tato CT-04603-ESP/GA  
D. Óscar Costa Soto JCT-04300-ESP/GA  
D. Manuel Montoto Órrea CT-03380-ESP/GA  
Dna. Laura Piñeiro Gontá CT-03781-ESP/GA

### **Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":**

D. Luís Alberto Villar González DC-04296-ESP/GA

### **Comisario Controlador dos Recoñecementos:**

Vermello D. Alberto Espiño Cabaleiro PR-04438-ESP/GA

### **Vehículo "00" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):**

Vermello D. Senén Martínez Troitiño DC-04297-ESP/GA

**Servizo Informático e publicación de tempos:** ANUBE

**Servizo de Ambulancias:** AMBULANCIAS NORDÉS

**Servizos Médicos:** E.M.S. GALICIA





**Centros Asistenciais:** P.A.C. SILLEDADA, P.A.C. LALÍN, C.H.U.S., HM LA ROSALEDA SANTIAGO DE COMPOSTELA, e os designados por concerto pola CIA aseguradora.

**Servizo de Guindastres:** PENDENTE

**Nota:** En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante.

Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo "0" que deberá ter licenza de piloto, expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

### ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE

O **III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDADA** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

1. Campionato de Galicia de Rallysprint sobre asfalto (pilotos e copilotos).
2. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 1.
3. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 2.
4. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 3.
5. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 4.
6. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 5.
7. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 6.
8. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 7.
9. Copa de Galicia de Rallysprint para Escuderías, (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola F.G.A.).
10. 3º Desafío Kumho Rallysprint 2026.
11. Campionato de vehículos históricos.

### ARTIGO 4 - DESCRICIÓN

O **III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDADA**, consta dun percorrido total de **87,14 quilómetros**, dos cales **44,92 quilómetros** corresponden a **4 Treitos Cronometrados** por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **1 Etapa** e **2 Seccións**. O Itinerario-Horario figura no Anexo II do presente Regulamento. No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos. O Rallysprint terá 1 Parque de Traballo.

## ARTIGO 5 – VEHÍCULOS ADMITIDOS E PUNTUABLES

**ARTIGO 5.1** - Serán admitidos a participar e puntuar os vehículos incluídos no seguinte cadro, os cales quedarán encadrados nas diferentes agrupacións:

AGR	VEHICULOS	REGULAMENTO
1	2RM DE +2000CC, MAXI DE +1600CC	FICHA HOMOLOGACION, ANEXO J, FGA
	4X4 DE +1.800CC	
	GRUPO G DE +1600CC	FGA
	PROTOS E1 - E2 - SCC	FGA, RFEDA, ADN.
2	RALLY 4	FIA
	VEHICULOS DE +1600cc E -2000CC	FICHA HOMOLOGACIÓN, ANEXO J, X-A FGA
	GRUPO G DE ATA 1600cc	FGA
3	RALLY 5 E RALLY 5 KIT, R2, Grupo A - 1600	FIA
	N3 TURBO, X-A ata 1600	FICHA HOMOLOGACIÓN
	SUPER 1600, KC E MAXI KC DE ATA 1600CC	FICHA HOMOLOGACIÓN, ANEXO J, FGA
4	RALLY 6	ADN
	N3 ATMOSFERICO, X-N ata 1600	FICHA HOMOLOGACIÓN
	VEHICULOS + DE 1200 E -1600 CC	VEHÍCULOS SIN HOMOLOGACION, X-N FGA
5	VEHICULOS - DE 1200 CC	FIA, FGA
6	HISTORICOS PRE 90	REGULAMENTACIÓN HISTORICOS FGA
7	HISTORICOS PRE 81	REGULAMENTACIÓN HISTORICOS FGA

**Para o cálculo da cilindrada nos motores turbo multiplicarase a cilindrada nominal por 1.7.**

Calquera vehículo do Grupo X que non estea conforme ca súa ficha de homologación ou cas reformas autorizadas no regulamento que lle corresponda pasará o grupo G.

**Os vehículos con homologación FIA vixente deberán respectar a súa ficha de homologación.**

Os motores serán categorizados segundo a súa denominación de orixe, se un motor e (exemplo) 1600, non importa que sexa 1599 ou 1601, será considerado 1600.

Se algún motor cunha denominación 1600 ou outra cilindrada ten "stroker" será o competidor quen terá que demostrar que esa reforma está feita e que pode ir na agrupación que lle corresponda. Calquera engano na cilindrada será motivo de descalificación.

**ARTIGO 5.2** - O resto de vehículos non incluídos no apartado 10.1, e en todo caso os vehículos das categorías Rally1, WRC, Súper 2000, R5, Rally2, N5, N6, GT, R-GT, GT Rallysprint, GT-Serie e GT+ serán admitidos a participar sen puntuar, nin optar a premios, sempre e cando estean acorde coa súa ficha de homologación, que levarán como numeración do 101 para adiante, para non confundilos cos que puntúan no campionato, e tendo que saír ó principio da proba. En outro caso deberán solicitar autorización expresa á F.G.A.

**ARTIGO 5.3** - As clasificacións parciais e oficiais da proba, dos vehículos que non puntúen farase nunha clasificación independente coa denominación EXTRA.

**ARTIGO 5.4** - A tódolos efectos, considérase constituída unha agrupación coa saída de un só vehículo.

**ARTIGO 5.5** - Os vehículos admitidos no Grupo H serán os seguintes:

**Pre82** -Vehículos homologados ata o 31-12-1981 pola FIA nos Grupos 1, 2, 3, 4.

**Pre90** -Vehículos homologados nos grupos A, N e B entre o 01-01-1982 e o 31-12-1990. Os vehículos históricos deben estar acorde Ó Regulamento técnico da Federación Galega de Automobilismo.

**ARTIGO 5.6** - Ningún vehículo poderá participar en ningún Rallysprint sen o SIGAD expedido pola Federación Galega de Automobilismo.

**ARTIGO 5.7** - Ós vehículos turboalimentados precintaráselles o turbo montado no vehículo, podendo precintarse opcionalmente un turbo de reposto.

## ARTIGO 6 – CONCURSANTES ADMITIDOS

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

## ARTIGO 7 – SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

**ARTIGO 7.1** - Todo equipo que desexe participar no **III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA**, terá que cumprimentar telemáticamente o formulario de inscrición na zona privada da plataforma PODIUM. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e, polo tanto, se refuse a mesma.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 17:00h. do día 15 de maio de 2026.

**ARTIGO 7.2** - O número de inscritos fíxase nun máximo de **90** vehículos.

**ARTIGO 7.3** - Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos a través da plataforma PODIUM no momento da inscrición, e **NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS**

**ARTIGO 7.4** - Admitiranse Inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo. **Ditas inscricións pasarán a formar parte dunha lista de reservas.**

**ARTIGO 7.5** - A orde de recepción da Solicitud de Inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

**NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7**

## ARTIGO 8 – DEREITOS DE INSCRICIÓN - SEGUROS

**ARTIGO 8.1** - Os dereitos de inscrición fíxanse en:

**ARTIGO 8.1.1** – **266€** aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

**ARTIGO 8.1.2** – **532€ NON** aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

**ARTIGO 8.2 -** A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscrición.

**ARTIGO 8.3 -** Os Dereitos de Inscrición comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

**ARTIGO 8.4 -** Os Dereitos de Inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

## ARTIGO 9 – HORA OFICIAL DO RALLYSPRINT

Durante o transcurso da proba, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web [www.time.is](http://www.time.is)

## ARTIGO 10 - PREMIOS

Os premios e Trofeos que se entregarán da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	650 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	450 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	350 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	300 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	150 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)	
1º	120 € e Trofeo
2º	80 € e Trofeo
3º	Trofeo

TOTAL PREMIOS
3300 €

**Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.**

## ARTIGO 11 - RECOÑECEMENTOS

**ARTIGO 11.1 -** O máximo de pasadas de recoñecementos son 3 por treito.

**ARTIGO 11.2 -** A velocidade máxima nos treitos a recoñecer será de 80 km/h. e será controlada por GPS. Nos treitos espectáculo a velocidade máxima será de 50 km/h. En calquera caso é obrigado respectar en tódalas vías as limitacións establecidas polas Autoridades.

**ARTIGO 11.3 -** Non está permitido circular en sentido contrario ó indicado no Rutómetro polos treitos cronometrados. Circular marcha atrás nun treito cronometrado terá a consideración de circular en sentido contrario e será penalizado.

**ARTIGO 11.4 -** Os recoñecementos unicamente poderán ser realizados polos equipos inscritos no Rallysprint, (piloto e copiloto), podendo ser solicitado á F.G.A. un cambio en algún deles. Prohíbese a presenza de outra persoa no vehículo.

**ARTIGO 11.5 -** A F.G.A. notificará ós Sub-Sectores da G.C. de Tráfico horarios e datas de celebración dos recoñecementos, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo. A maiores solicitarase traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

**ARTIGO 11.6 -** No regulamento particular da proba figurará un Comisario/Controlador dos recoñecementos, que informará dos incumprimentos ó Director de Carreira que dará traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

**ARTIGO 11.7 -** Sancións por incumprimento da normativa de recoñecementos:

- a) Efectuar recoñecementos en momentos non autorizados: Non autorizado a tomar a saída
- b) Superar o número de pasadas por tramo: Penalización de 5 minutos.
- c) Exceso de velocidade en recoñecementos a criterio dos Comisarios Deportivos: Penalización de 30 segundos por cada infracción.
- d) Circular en sentido contrario nos treitos cronometrados sen estar autorizado: 10 segundos por cada infracción.

## ARTIGO 12 - DISPOSICIÓNS CONTRARIAS Á NORMATIVA XERAL DA F.G.A.

Segundo o artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

## ARTIGO 13 - RELACIÓNS COS PARTICIPANTES



**VANESA RODRÍGUEZ URCELLAYETA**  
**LICENCIA: ORC-04441-ESP/GA**

**(IRÁ IDENTIFICADA CUN CHALECO DE COR VERDE)**


### PLANING DE SITUACIÓN

DATA	HORARIO	SITUACIÓN
Venres, 15 de maio	De 19:00 a 22:00 h.	Verificacións administrativas e técnicas optativas <b>Concello de Silleda</b> <b>Praza Señor Afranio</b>
Sábado, 16 de maio	De 8:00 a 12:00 h.	Verificacións administrativas e técnicas obrigatorias <b>Concello de Silleda</b> <b>Praza Señor Afranio</b>
	De 13:00 a 15:00 h.	Parque de Traballo <b>Avda. Recinto Feiral</b>
	De 15:30 a 16:30 h.	Reagrupamento <b>Rúa Camiño do Castro</b>
	De 16:30 a 18:15 h.	Parque de Traballo <b>Avda. Recinto Feiral</b>
	A partir das 18:30 h.	Parque pechado <b>Rúa Camiño do Castro</b>

## ARTIGO 14 - PUBLICIDADE

**ARTIGO 14.1** - Os números de competición para cada vehículo serán facilitados pola Organización e a eles poderá ir unida a publicidade da mesma, que os participantes terán a obriga de aceptar nas condicións fixadas no artigo da Publicidade das Prescricións Comúns.

**ARTIGO 14.2** - Deseño:



**A COLOCACIÓN INCORRECTA OU RECORTA-LAS PUBLICIDADES CONLEVARÁ SANCIÓN/PENALIZACIÓN**

Don Juan Pablo Cajide Pérez, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia DC-04428-ESP/GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Carreira  
N.I.F.: 76828785E

Entidade: ESCUDERÍA SILLEDA  
C.I.F.: G56155435  
Asdo.: Presidente  
D. Juan Pablo Cajide Pérez

Asdo.: Xefe de Seguridade Vial  
N.I.F.: 44090052H

**Selo do Clube**

**ANEXO I – MAPAS PARQUE PECHADO E PARQUE DE TRABALLO**



# PARQUE DE TRABALLO



## ANEXO III – SISTEMA GPS

**1.** Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallysprint.

**a)** A compra do soporte do GPS e obrigatoria, (25 euros, IVA INCLUIDO).

**b)** No Campionato de Galicia de Rallysprint no desenvolvemento das probas, os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatoria a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición e servirá para alertar á Organización dos equipos de posibles incidencias ou bandeiras vermellas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.

**c)** O GPS deberá ir montado no vehículo en un lugar dende lle chegue o Piloto e Copiloto por criterios de Seguridade.

**d)** O CC.DD poderá facer uso dos datos do GPS para contrastar e poder aplicar sancións ou asignar tempos en caso de forza maior.

**2.** Funcionamento:

**a)** O sistema deberá ter botón SOS. O SOS, deberase usarse UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.

**b)** Deberase manter pulsado -segundo indícase nas instrucións- no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.

**c)** Cando o Director de Carreira, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.

**d)** O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente aos Comisarios Deportivos.

**e)** A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

**3.** Bandeira vermella electrónica:

**a)** Nas probas puntuables para o Campionato de Galicia de Rallyes, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira vermella electrónica.

**b)** A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira vermella electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira vermella electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira vermella electrónica, xunto coas instrucións do dispositivo.

**c)** So se pode activar/desactivar a bandeira vermella electrónica dende Dirección de Carreira.

**d)** Unha vez sexa mostrada a bandeira vermella electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, da conformidade á Dirección de Carreira, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira vermella electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira vermella, será motivo de penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

**e)** Unha vez mostrada a bandeira vermella electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo: Os Equipos aos que se mostre bandeira vermella Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira vermella dentro do treito cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director de carreira, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. Non respectar esta regra comportará unha penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.



#### 4. Entrega devolución do aparello GPS:

- a)** A entrega do dispositivo GPS realizarase nas verificacións técnicas.
- b)** A devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado ó finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- c)** En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina de Carreira, (Dirección de Carreira), ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba. Deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.
- d)** A empresa provedora comprobará a súa correcta instalación e funcionamento.
- e)** O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha sanción económica a pagar ao Organizador. Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia.

# SPICA III

## Manual de uso rápido



### ● NOTIFICACIÓN DE SOS

Para solicitude de atención médica inmediata ou notificación de vehículo que impide totalmente o paso de outros participantes.

+ Pulsar botón vermello e verde simultaneamente durante 2 segundos.



### ● NOTIFICACIÓN DE AVARÍA

Notificación de que un vehículo non pode continuar, pero non obstaculiza o paso. Pulsación botón vermello 2 segundos.



### ● CONFIRMACIÓN TODO OK?

Si desde dirección da carreira se solicita información do estado dos participantes. 3 posibles respostas:

Para indicar que está todo ben

+ Para indicar S.O.S.

Para indicar AVARÍA

alternando con pantalla completa en rojo.




### ● BANDEIRA VERMELLA / RED FLAG

**A pantalla mostra as letras "RF" (Red Flag), alternando coa pantalla completamente en vermello.**

**O participante debera pulsar o botón Verde para confirmala lectura.**

  
 Powered by 



 + 







SOS avería OK



Para indicar que todo está bien



Para indicar SOS




Para indicar avería

## BANDERA ROJA



La pantalla muestra el mensaje 'BANDERA ROJA' y la hilera de luces LED parpadea en rojo. El altavoz emite un fuerte pitido intermitente.

## ZONA DE VELOCIDAD














# MENSAJES Y PREGUNTAS



	<p>Luz amarilla intermitente</p>		<p>Luz amarilla intermitente</p>
	<p>Luz amarilla intermitente</p>		<p>Luz amarilla intermitente</p>

## ANEXO IV – CARAVANA DE SEGURIDADE

# COMPOSICIÓN DA CARAVANA DE SEGURIDADE

<p><b>CINTAS</b></p> <p><b>70'</b> </p>	<p><b>Vehículo Cintas</b></p> <p>Disporáse dun vehículo que poderá traballar no treito ata última hora. Recoméndase ó organizador que este vehículo sexa un furgón ou furgoneta. Realizará a revisión da montaxes das zonas especiais de seguridade e os peches de camiños correspondente, corrixindo a pedimento do Responsable de Seguridade tódalas deficiencias atopadas.</p>
<p><b>XEFE SEGURIDADE DE TREITO</b></p> <p><b>60'</b> </p>	<p><b>Vehículo Xefe de Seguridade de Treito</b></p> <p>A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar a correcta montaxe dos peches de camiños e/ou estradas previstos no Plan de Seguridade. Tras el circulará o denominado Vehículo "MONTAXES", o cal dará instrución para reparar ou mellorar aqueles puntos que considere necesarios.</p>
<p><b>MONTAXES</b></p> <p><b>55'</b> </p>	<p><b>Vehículo Montaxes</b></p> <p>Acompaña ó Xefe de Seguridade de Treito axudándolle a solucionar as deficiencias detectadas por este que non requiran a intervención do vehículo "CINTAS". Prestan especial atención ós peches de camiños e seguridade do público, facendo unha primeira intervención e reportando ós vehículos seguintes os puntos onde deberán prestar especial atención.</p>
<p><b>MEGAFONÍA</b></p> <p><b>45'</b> </p>	<p><b>Vehículo Megafonía</b></p> <p>A súa misión básica é informar ó público de que a estrada está pechada ó tráfico, recomendando as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Do mesmo xeito irá comprobando o Plan de Seguridade e corrixindo algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.</p>
<p><b>GARDA CIVIL DE TRÁFICO</b></p> <p><b>40'</b> </p>	<p><b>Garda Civil de Tráfico</b></p> <p>Verificará a correcta montaxe dos peches de carretera, como as dotacións de forzas de orde público nas zonas previstas no Plan de Seguridade. Pese a non tratarse dun coche da caravana de seguridade, axústase ó horario establecido.</p>
<p><b>XEFE DE SEGURIDADE VIAL</b></p> <p><b>35'</b> </p>	<p><b>Xefe de Seguridade Vial</b></p> <p>Verificará todo o percorrido da proba, Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corrixindo e prestando atención as derradeiras deficiencias que os vehículos anteriores houberen observado. Será unha persoa de confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materia de seguridade xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.</p>
<p><b>OBSERVADOR/DELEGADO DA F.G.A.</b></p> <p><b>30'</b> </p>	<p><b>Observador da F.G.A.</b></p> <p>O Observador da F.G.A. revisará a correcta montaxe do treito cronometrado: Montaxe dos postos de control, dispoñibilidade e ubicación dos servizos do treito, emisoras e oficiais do mesmo, sen descoidar o cumprimento do Plan de Seguridade no que se refire á seguridade dos espectadores</p>
<p><b>DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA "00"</b></p> <p><b>20'</b> </p>	<p><b>Director Adxunto na estrada "00"</b></p> <p>Persoa moi integrada na organización, con ampla experiencia e capacidade para aconsellar a cancelación dun treito. Verifica en especial a situación e seguridade dos espectadores, corrixindo as últimas deficiencias a instancias do Delegado de Seguridade. O seu horario estará calculado para que poida finalizar o treito antes da saída do primeiro participante, por se o Delegado de Seguridade decidira que fose el quen dese o OK para o comezo do treito cronometrado.</p>
<p><b>VEHÍCULO "0"</b></p> <p><b>10'</b> </p>	<p><b>Vehículo "0"</b></p> <p>Avisa ós espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experimentado e coñecemento en materia de seguridade. Contralaráse o seu paso por tódolos C.H. do treito cronometrado a Dirección de Carreira autorizando o inicio do mesmo.</p>
<p><b>VEHÍCULOS DE COMPETICIÓN</b></p> <p><b>0'</b> </p>	<p><b>Vehículos de competición</b></p>
<p><b>VEHÍCULO ESCOBA</b></p> <p></p>	<p><b>Vehículo Escoba</b></p> <p>Ninguén se poderá mover polo treito antes do paso de este vehículo. O seu paso produciráse despois da saída do derradeiro participante. Irá recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controis horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonasen a proba e informando a Dirección de Carreira de se estes últimos entorpecen o treito ou precisasen de grúa para despezar a estrada para dar comezo a seguinte pasada do treito.</p>